


RESTAURACIÓN DA IGREXA DE SANTA MARÍA DE DONRAMIRO

XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

ARQUITECTO: LUIS
FERNÁNDEZ
FERNÁNDEZ



A tribuna tivo que ser reconstruída por completo, recuperando o mesmo entrevigado e pontonado, e mesmo os tapaxuntas dos que dispónía, dado que tiñamos toda a información precisa para facelo. Na cuberta, sen embargo, ao ser totalmente de nova factura, recorreuse a un entaboadío separado, tal que lembra ós entaboados tradicionais, e, ao tempo, a un tapaxuntas en negativo. Executouse unha balaustrada de nova factura, para o que se empregou o mesmo motivo decorativo das ménulas.



Na sancristía se executou o falso teito que se constatou que tivo, recorrendo tamén ó entaboadío de castiñeiro con xunta aberta. A tribuna da sancristía se recuperou totalmente con madeira preexistente no templo (entre esta tribuna e a da nave). Na restauración efectuada nestes elementos, así como nas carpinterías, se constatou a cor primixenia que tiñan, a cal se recuperou para todos os elementos que demostraron tela.

A restauración chegou mesmo a certos elementos de mobiliario, coma os fermosos confesionarios empotados no muro.

